



DECRETO

Expediente núm.: 3574/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Axuda municipal para libros/material educación infantil

Asunto do Expediente: CONVOCATORIA AXUDAS LIBROS E/OU MATERIAL ESCOLAR 202-2027

Á vista dos seguintes antecedentes:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Asunto: Aprobación da convocatoria da concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e/ou material escolar (curso 2026-2027)

Trámite: Proposta de resolución

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 121 do 29/06/2026 publicáronse as bases específicas para as axudas para a adquisición de libros de texto e/ou material escolar (curso 2026-2027), expte.: 3574/2026

As bases sinaladas encádranse na liña liña número 5 – Educación do plan estratéxico de subvencións 2024-2027 aprobado polo pleno do concello en sesión ordinaria del 01/10/2024

Vistos os documentos contables de retención de crédito que constan no expediente, e sendo preciso proceder á convocatoria das axudas para o ano 2026.

Visto o anterior, de conformidade co previsto no art. 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 21.1.s da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse á Alcaldía-Presidencia a adopción da seguinte

Visto canto antecede, en exercicio das competencias legalmente atribuídas, dítase a seguinte:

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Aprobado a convocatoria da concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e/ou material escolar (curso 2026-2027) co texto que se insire a continuación:

1. OBXECTO DAS AXUDAS.

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas ou subvencións ás familias do alumnado de centros docentes públicos, de educación infantil

JUAN ANTONIO GONZÁLEZ PÉREZ (1 para 2)
Titular de
Data: 08/07/2026
Sinatura: 08/07/2026
HASH: d200fe6145de40ec689a9a501326c1605

Natalia María Franco Fernández (2 para 2)
Titular de
Data: 08/07/2026
Sinatura: 08/07/2026
HASH: 299f0887140d5a066e9b613e7ded1bb

DECRETO
Número: 2026-1469 Data: 08/07/2026

Cod. Validación: 975XWTL44C4462LSJFCC7X3GH
Corrección: <https://nigran.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2





da segunda etapa con enderezo no concello de Nigrán, coa finalidade de adquirir libros de texto e/ou material escolar necesarios para o curso 2026-2027.

2. BENEFICIARIOS/AS.

Poderán ser beneficiarias das axudas aquelas unidades familiares que estean empadroadas no concello de Nigrán, residan neste termo municipal de xeito efectivo, e teñan menores matriculados en centros públicos do municipio que cursen educación infantil, 2ª etapa, no curso 2026-2027

En calquera caso estas axudas son incompatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade.

3. REQUISITOS.

Para poder optar ás axudas é requisito indispensable que os ingresos económicos da unidade familiar se axusten ao baremo establecido nas bases e se reúnan os demais requisitos establecidos nas mesmas.

4. ORZAMENTO

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 5.000 euros, con cargo á partida 231.48900 do Orzamento Xeral para 2026.

5. TIPOS DE AXUDAS

A axuda consistirá no pago do custo dos libros e/ou material escolar, cun importe de 65 € por cada neno/a matriculado/a en educación infantil nun centro público do municipio para o curso 2026-2027.

6. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Os beneficiarios deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a documentación xustificativa da subvención concedida, **antes do 30 de novembro de 2026**.

SEGUNDO.- Ordenar á Intervención municipal a remisión da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicidade, de acordo co previsto no art. 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, abrindo o correspondente prazo de presentación de solicitudes.

O alcalde,

Dou fe, a secretaria accidental

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

